



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Pilar Pallarés

[Ramón Nicolás 20 Novembro 2019](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/11/20/cuestionario-proust-pilar-pallares/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

– A teimosía, a forza de vontade, bastante escepticismo.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A bondade e a empatía. Tamén a intelixencia.

3.– Que agarda das súas amizades?

-A xenerosidade para acompañaren as miñas decisións e accións aínda que no fondo non as compartan.

4.– A súa principal eiva?

-A teimosía.

5.– A súa ocupación favorita?

-Ler, ter conta dos meus animais e doutros que non teñen don@, escoitar música, parolar c@s amig@s e coñecid@s (ou descoñecid@s).

6.– O seu ideal de felicidade?

-Xamais me parei a pensalo.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Pasar pola experiencia dunha guerra.

8.– Que lle gustaría ser?

-Alguén que non tivese que estar a loitar sempre co seu corpo. Só por probar como é a vida así.

9.– En que cidade desexaría vivir?

-Lisboa. Mais sen ser tratada como estranxeira.

10.– A súa cor favorita?

-Ningunha en particular, aínda que non me agradan o rosa ou o gris e si moito as dos tintes indianos.

11.– A flor que máis lle gusta?

-Os narcisos.

12.– O paxaro que prefire?

– As rolas turcas. Na verdade coido que calquer animal é unha obra de arte.

13.– A súa devoción na prosa?

-Depende da época. Son de grandes devocións que se van substituindo unhas ás outras. Agora mesmo leo moito a Coetzee, Le Clézio, Joyce Carol Oates. Noutras épocas, Thomas Bernhard, Djuna Barnes, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Jane Austen, Conrad, Blanco Amor, Ingeborg Bachman, Flaubert, Maupassant, Onetti, Sábato, Jean Rhys, Mujica Láínez, Clarice Lispector, etc., etc., etc.

14.– E na poesía?

-Alfonso Costafreda, Cunqueiro, Emily Dickinson, Rosalía, Manuel Antonio, Gamoneda, Sylvia Plath, Szymborska, Pimentel, Carvalho Calero, María Victoria Atencia, Leopoldo María Panero, Lois Pereiro, Avilés de Taramancos, San Juan de la Cruz, etc., etc., etc.

15.– Un libro?

–*Última fuxida a Harar*.

16.– Un heroe de ficción?

– Non teño. Son pouco dada a mitificar.

17.– Unha heroína?

-Tampouco destacaría ningunha.

18.– A súa música favorita?

-Suponse que se refire aos de música clásica? Non é a miña preferida. En todo caso destacaría Satie e os impresionistas.

19.– Na pintura?

-Caspar David Friedrich, Turner, os expresionistas alemáns, Alfonso Costa, Seoane, Van Gogh, os prerrafaelistas e simbolistas, Frida Khalo...

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Mandela, Che Guevara, Salvador Allende, os emigrantes e exiliados que arriscan a vida en procura de algo mellor (e moi especialmente os africanos).

21.– O seu nome favorito?

-Emma, Saleta, Ana, Alexandre, Duarte, Carlos, Olivia...

22.– Que hábito alleo non soporta?

-O egotismo, a prepotencia, o dogmatismo, a vaidade, a falta de empatía, a mentira, o clasismo.

23.– O que máis odia?

-Os anteriores.

24.– Figuras históricas repulsivas?

-Calquera fascista.

25.– Un feito que admire?

-A abolición da escravitude e a conquista do dereito de voto por parte das mulleres.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Máis paciencia, máis capacidade para o esquecemento e o perdón.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

-De maneira rápida e indolora, claro. Mais con tempo para deixar arranxada a supervivencia dos meus gatos e sen provocar demasiado sufrimento nin inconvenientes ás persoas que quero.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Certa conformidade. Disposición para vivir o presente, sen máis.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Os que nacen da inxenuidade e a paixón, sempre que non causen mal a outr@s.

30.– Un lema na súa vida?

-Perseverar.